

**INSTRUCCIÓN III/ 2021 DA XERENCIA DE 16 DE FEBREIRO DE 2021 POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS PARA A APLICACIÓN DA ORDE DO 15 DE FEBREIRO DE 2021 POLA QUE SE DISPÓN A PRÓRROGA E A MODIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS PREVISTAS NA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021, COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

O Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 argumenta na súa exposición de motivos que “[...], *na situación actual, na cal existe unha taxa de incidencia que se considera de alto risco de infección, resulta aínda imprescindible manter as medidas, tendentes en definitiva a limitar a interacción social e, polo tanto limitar os niveis de transmisión, con vistas a que se dean as condicións para unha apertura gradual, progresiva e segura.*

*Por conseguinte, á vista do indicado no citado informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, e tras escoitar as recomendacións do comité clínico reunido para estes efectos, a situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia exige a o mantemento da eficacia das seguintes medidas adoptadas no Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, na condición de autoridade competente delegada, coas modificacións que se recollen no presente decreto:*

*a) Limitacións á entrada e saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, agás certas excepcións, coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade e de conter a irradiación a outros lugares limítrofes dos correspondentes ámbitos territoriais delimitados.*

*b) Limitación con carácter xeral, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, da permanencia de grupos de persoas, que terán que estar conformados unicamente por conviventes, en espazos de uso público e de uso privado, agás en determinados supostos excepcionais e xustificadas.”*

Pola súa banda, a Orde da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2021 pola que se dispón a prórroga e a modificación das medidas de prevención específicas previstas na Orde do 26 de xaneiro de 2021, como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia prorroga os efectos da Orde do 26 de xaneiro de 2021 ata as 00:00 horas do 3 de marzo de 2021.

Entre as medidas adoptadas pola Orde dispónse o retraso da docencia presencial e, polo tanto, a súa impartición mediante medios telemáticos ata o 1 de marzo sen prexuízo do seguimento da evolución epidemiolóxica que determinará o período de vixencia.

Por outra banda, esta nova Orde modifica as restricións aplicadas a algunhas actividades de extensión universitaria polo que cómpre aclarar as medidas de aplicación na Universidade de Santiago de Compostela.

En calidade de Responsable COVID-19 e no uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a Resolución do 30 de abril de 2020 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios,

## **DISPOÑO**

Primeira.

1. Modifícase a disposición Segunda.1 nos seguintes termos:

*“1. A actividade docente presencial nas ensinanzas oficiais e non oficiais retomarase o luns 1 de marzo de acordo co previsto polos centros ao abeiro das Bases para unha docencia presencial segura.*

*2. A actividade docente de títulos e cursos non oficiais así como de actividades formativas do persoal manterá á modalidade non presencial ata o luns 1 de marzo”.*

2. Modifícase a disposición Sétima da Instrución da Xerencia do 27 de xaneiro de 2021 que queda redactada nos seguintes termos:

*“Mantense o peche ao público das instalacións deportivas da USC agás o previsto para a actividade deportiva federada de nivel nacional e autonómico.”*

Segunda.

En todo o non previsto no apartado anterior, mantense na súa integridade o establecido na anterior instrución. En particular, a defensa de teses de doutoramento, traballos fin de grao e fin de mestrado realizarase de xeito non presencial e as bibliotecas permanecerán pechadas ao público, limitando o seu funcionamento ao préstamo e á consulta de fondos para as actividades de investigación e docencia.

Disposición final. *Vixencia*

Esta instrución será de aplicación desde a súa publicación ata as 00:00 horas do 3 de marzo de 2021, sen prexuízo das adaptacións necesarias no caso de que as medidas sexan revisadas polas autoridades sanitarias.

Santiago de Compostela

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/02/2021 12:38:35.

**CSV:** 982E-6B14-4512-92EC